

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE PLENO DO DÍA 17 DE XULLO DE 2023.

Na cidade de Ourense, o dezasete de xullo de dous mil vinte e tres, ás 12.00 horas, e para cumprir o que dispoñen os artigos 207 da Lei orgánica do réxime electoral xeral e 57 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo convocatoria do Sr. presidente, en funcións, do 12 de xullo de 2023, reúnense no salón de plenos do Pazo Provincial os señores deputados e as señoras deputadas electos/as, en virtude das eleccións convocadas polo Real decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE n.º 80 do día 4 de abril).

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

Seguidamente, desenvolveuse a sesión do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo - acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

Ao inicio da sesión de constitución da Deputación Provincial para o mandato 2023-2017, o secretario xeral dá conta dos acordos de proclamación de electos adoptados polas distintas Xuntas Electorais de Zona, con indicación do nome e apelidos dos deputados e deputadas, electos e electas.

A continuación, dá conta, igualmente, da presentación das preceptivas declaracións de bens e actividades por parte dos deputados/as electos/as, e de que igualmente se atopan a disposición dos señores/as deputados/as os datos correspondentes ao arqueo realizado polos servizos de Intervención e Tesourería, así como os xustificantes das existencias en metálico e valores propios da Corporación e a documentación correspondente ao inventario de bens.

Seguidamente, o secretario informa de que debe procederse á constitución da Mesa de Idade, integrada polos deputados de maior e menor idade presentes no acto, que resultan ser don Rosendo Luis Fernández Fernández e don Diego Fernández Nogueira, respectivamente, aos que lles pide que pasen a ocupar a presidencia para a constitución da mesa, que constitúe o primeiro punto da orde do día da sesión.

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE E COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.-

Don Rosendo Luis Fernández Fernández e don Diego Fernández Nogueira abandonan os seus escanos e toman posesión dos seus cargos como deputados mediante prestación de xuramento ou promesa en forma legal, séndolles imposta a medalla conmemorativa.

A continuación, pasan a ocupar os asentos de Presidencia. O secretario pon a disposición dos membros da Mesa as credenciais dos deputados/as electos/as.

O presidente da Mesa de Idade declara esta constituída, continuándose co tratamento dos seguintes puntos da orde do día da sesión constitutiva.

2.- TOMA DE POSESIÓN DOS SEÑORES DEPUTADOS E DEPUTADAS.-

O presidente da Mesa anuncia que se vai proceder á toma de posesión do resto de deputados da Corporación, aos que se chamará por orde alfabética, pedíndolle ao Sr. secretario que comece a facer os chamamentos.

O Sr. secretario inicia os chamamentos, prestando xuramento ou promesa en forma legal todas/os as/os deputadas/os electas/os, imponéndoseles a cada deputada e deputado a medalla conmemorativa.

As deputadas e deputados electos e que forman parte da Corporación, son os seguintes, por orde alfabética:

DEPUTADOS/DEPUTADAS
Alonso Araújo, Aurentino
Álvarez Dobaño, Plácido
Barge Bello, María Teresa
Fernández Fernández, Rosendo Luis
Fernández Gil, César Manuel
Fernández Nogueira, Diego
Gómez Pérez, José Ignacio
González Quintela, María del Carmen

Lago Cabo, José María
Lama Fernández, Elvira
Mangana Guede, María José
Martínez Cachafeiro, Rafael
Menor Pérez, Luis
Nóvoa Iglesias, Marta
Ojea Bouzo, Armando
Pérez Blecua, José Miguel
Pérez Jácome, Gonzalo
Puga González, Xosé Manuel
Pumar Tesouro, Jorge
Rodríguez Estévez, Susana
Seoane Rodríguez, Manuel
Torres Madureira, Ana Patricia
Varela López, Bernardo
Vaz Quintillán, Marina
Vila Araújo, Álvaro

3.- DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

Unha vez concluída a toma de posesión de todos/as os/as deputados/as electos/as presentes no acto, e concorrendo o quórum esixido na lexislación vixente, o presidente da Mesa declara constituída a Deputación Provincial de Ourense para o mandato 2023 - 2027.

4.- DETERMINACIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DO/A PRESIDENTE/A.-

O presidente da mesa anuncia que a vixente lexislación de réxime local establece tres sistemas e cédelle a palabra ao Sr. secretario para que explique como debe realizarse.

O Sr. secretario explica que o sistema normal de votación é a ordinaria (mediante asentimento ou man alzada), se ben calquera deputado ou deputada pode solicitar que a votación se realiza

mediante chamamento nominal, o cal requiriría acordo adoptado pola maioría simple da corporación, ou a votación secreta, o cal requiriría acordo adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Posto que non se realiza petición por ningún deputado ou deputada, determínase o sistema de votación ordinaria para a elección do Presidente ou Presidenta.

5.- ELECCIÓN DO/A PRESIDENTE/A.-

Unha vez determinado o sistema de votación, procede a formulación de candidaturas á Presidencia. De acordo do artigo 207 da Lei orgánica de réxime electoral xeral, pode ser candidato ou candidata calquera deputado ou deputada provincial. Solicítase que os deputados ou deputadas que desexen formular a súa candidatura llo comuniquen neste momento á mesa, resultando os seguintes candidatos: *D. Luis Menor Pérez; D. Álvaro Vila Araújo e D. Armando Ojea Bouzo.*

Unha vez concluída a primeira votación procédese ao escrutinio, e o resultado é o seguinte:

- *D. Luis Menor Pérez: 12 votos.*
- *D. Álvaro Vila Araújo: 10 votos.*
- *D. Armando Ojea Bouzo: 3 votos.*

Á vista do resultado, e de conformidade co previsto no artigo 207 da LOREG, e ao non obter en primeira votación ningún candidato un número de votos favorables equivalentes á maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, procede realizar unha segunda votación.

Unha vez concluída a segunda votación procédese ao escrutinio, e o resultado é o seguinte:

- *D. Luis Menor Pérez: 12 votos.*
- *D. Álvaro Vila Araújo: 10 votos.*
- *D. Armando Ojea Bouzo: 3 votos.*

Á vista do resultado, e de conformidade co previsto no artigo 207 da LOREG, **proclámase como presidente electo a don Luis Menor Pérez**, ao obter en segunda votación un número de votos favorables equivalentes á maioría simple dos votos emitidos polos membros da Corporación.

6.- TOMA DE POSESIÓN DO PRESIDENTE.-

O presidente da Mesa convida ao presidente electo a tomar posesión do seu cargo.

O novo presidente achégase á mesa para tomar posesión do seu cargo prestando xuramento.

D. Diego Fernández Nogueira imponse a medalla corporativa e **D. Rosendo Luis Fernández Fernández** faille entrega do bastón de mando.

Acto seguido, os membros da Mesa de Idade retíranse aos seus escanos. O presidente da Deputación, que acaba de ser elixido, ocupa o seu posto na presidencia, e toma a palabra para pronunciar o seu discurso de investidura, nos seguintes termos:

Bo día a todas e a todos

Grazas, moitísimas grazas.

Grazas, de corazón, a todos cantos confiaron na miña persoa para que hoxe recolla este bastón de mando.

Un bastón de mando que máis que simbolizar unha presidencia, representa aos 92 concellos e aos máis de 304.000 habitantes da nosa provincia.

Todo un reto que asumo coa máxima responsabilidade e esixencia que sempre me marquei na miña traxectoria profesional e de servizo público.

Todo un desafío que ten como punto de partida un acto de grande xenerosidade por parte do que foi, ata hai unhas horas, presidente desta Deputación durante máis de once anos.

Grazas Manuel pola túa dedicación, compromiso e “paixón” por Ourense.

E, por suposto tamén, todo un reto que tivo como punto e seguido unha emocionante demostración de confianza na miña persoa por parte dos meus compañeiros de partido, alcaldes, portavoces e concelleiros.

Asegúrovos que non pode haber máis satisfacción persoal ante tal consenso. Por iso tamén debo e quero darvos as grazas.

Como tamén é preciso agradecer o traballo desenvolvido polos deputados provinciais que formaron parte da corporación no anterior mandato, sen distinción de siglas.

Uns desde as responsabilidades de goberno, e outros desde a oposición, puxéronse a disposición da veciñanza de Ourense para traballar pola nosa provincia, compaxinando ese compromiso co labor municipal nos seus respectivos concellos. E iso tamén é merecente do agradecemento de todos nós.

Aos que xa non están nesta corporación, grazas.

E aos que chegan, parabéns....., pero tamén unha encomenda: Como presidente desta Deputación e desta corporación, pídovos a vosa máis absoluta implicación neste proxecto que se chama Provincia de Ourense.

Si. Dixen proxecto. Porque iso implica que non hai conformismo; dixen proxecto porque iso significa que sempre imos procurar a mellora; e dixen proxecto porque cada xeración de ourensás e ourensáns ten novas necesidades e lexítimas aspiracións ás que, co noso traballo, deberemos procurar unha resposta de futuro.

Esa é a responsabilidade que lle toca ao novo goberno provincial que me honro en presidir desde hoxe.

Pero, por suposto, tamén me gustaría contar co apoio e a implicación do resto dos grupos políticos que forman parte desta corporación.

Máis aló das discrepancias ideolóxicas, pídolle aos portavoces e deputados da oposición que exploren e dean pulo a esa capacidade de acordo que nos esixe a sociedade.

Se algunha característica me define é que son unha persoa que escoita e dialoga, porque creo no consenso. Por iso procurarei sempre o apoio de todos os partidos desta corporación para levar adiante, coa máxima lexitimidade, os proxectos de provincia que poñamos en marcha no mandato que agora comeza.

Proxectos, que non inventos, porque non se trata de inventar.

O verdadeiramente importante será acertar á hora de planificar e priorizar as accións de goberno que nos permitan conseguir os nosos obxectivos. Planificar e priorizar: estes serán os piares do meu goberno provincial.

Para elo partimos dunha situación de vantaxe grazas ao traballo realizado por Manuel Baltar, que nos deixa unha Deputación economicamente estable.

Dous aspectos básicos para afrontar unha etapa na que o labor de goberno terá dúas direccións fundamentais: consolidación de obxectivos e atención aos novos desafíos.

Consolidación de obxectivos, porque todos temos en mente cales son as fortalezas, potencialidades, e tamén as debilidades da nosa provincia.

Fortalezas son, por exemplo, un recurso único e singular pola súa cantidade e diversidade de augas, como é o termalismo; o sector do viño con esas catro denominacións de orixe na provincia; ou a calidade da produción do noso sector primario e, por extensión, da nosa gastronomía.

Potencial é, por exemplo, a vinculación de todos os aspectos citados co turismo, engadindo os camiños de Santiago, as paraxes naturais, o patrimonio ou o turismo deportivo. Potencial é tamén a conexión por alta velocidade co centro de España.

Traballaremos a reo para desenvolver unha estratexia de aproveitamento das oportunidades que nos ofrece o AVE, tendo en conta que a chegada dos trens Avril tamén aproximará o resto de Galicia aos potenciais visitantes nacionais e internacionais, que cada día van en aumento.

Tamén temos debilidades. Unha delas é a perda de poboación, especialmente nas zonas rurais, que só conseguiremos frear con servizos máis eficientes que axuden a mellorar a calidade de vida; ademais, dando pulo á creación de áreas industriais que permitan captar empresas e ofrecer unha oportunidade de emprego na contorna, ofrecendo ao mesmo tempo o máximo respaldo ás áreas xa existentes, aproveitando as novas comunicacións e a nosa privilexiada situación xeoestratéxica.

Vivimos tempos de vertixe na transformación da sociedade, tanto da súa poboación como dos seus xeitos de vida. Cambios que se converten en auténticos desafíos.

Ourense non é allea a esta evolución.

Se falamos de poboación, os ourensáns xa superan os 51 anos de idade media e non hai moito fomos noticia nacional por un estudo que nos sitúa como a capital mundial da lonxevidade, con 87 centenarios por cada 100.000 habitantes.

A Deputación de Ourense está chamada a ter un papel esencial no ámbito do envellecemento, da soidade non desexada e dos servizos sociais, que máis ca un problema pódese transformar nunha oportunidade de futuro para captar investimentos que permitan desenvolver novos proxectos, sexan de carácter público ou privado, e polo tanto crear máis emprego e riqueza nos nosos concellos.

Hai un segundo desafío ao que quero referirme: a loita contra o cambio climático. A xestión e conservación do noso medio ten que estar entre as nosas prioridades.

E así vai seguir sendo.

Comprometémonos a consolidar todas as accións desenvolvidas ata o momento no ámbito do ciclo da auga, comezando pola candidatura aos fondos Next Generation para poñer en marcha un proxecto de xestión intelixente da auga, ou a colaboración comprometida coas comunidades de regantes da Limia para o desenvolvemento do plan de modernización do

regadío na comarca, que como vimos hai uns días vén de impulsar a Xunta de Galicia con 6,5 millóns de euros.

Tamén seguiremos profundando na loita contra os lumes. Sabedes que na miña anterior etapa profesional estaba á fronte da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia. Poño a disposición desta Deputación toda esa experiencia para seguir traballando nesa liña de traballo que xa levou ao anterior goberno ourensán a pechar o mapa provincial de emerxencias, e facer da nosa provincia unha das máis seguras de España.

Neste obxectivo quero destacar a importancia que supón para Ourense acoller o novo Centro Integral da Loita contra o Lume de Toén, que será un instrumento de primeiro nivel para a loita contra o mal endémico dos incendios forestais.

Non falei ata agora da cooperación cos concellos, porque entendo que non é un obxectivo. Para min, a cooperación cos concellos é a razón de ser das deputacións.

Por iso anuncio que asumo en primeira persoa o exercicio da competencia da cooperación.

Se nós estamos aquí é para atender as necesidades dos 91 concellos menores de 20.000 habitantes que temos nesta provincia, poñendo á súa disposición todos os recursos económicos, medios materiais e persoal técnico aos que, na práctica totalidade dos casos, non teñen acceso os pequenos concellos.

Para eles manteremos e activaremos todos os servizos e programas que precisen para dar resposta ás súas necesidades. Así entendo a colaboración cos concellos.

Con todo, a colaboración cos medianos e pequenos concellos non implica illar á capitalidade de Ourense, na que viven un de cada tres habitantes desta provincia.

Por iso estableceremos un diálogo cos máximos representantes da capital para fixar liñas de colaboración en proxectos estratéxicos que beneficien tanto á cidade como ao resto da provincia.

Todos os avances que redunden na capital, na súa cidadanía e no seu progreso terán un efecto paralelo na provincia, e cómpre aproveitar todas as sinerxias que se teñamos ao noso alcance.

Todo este labor do que veño de falar precisa doutra colaboración: a institucional.

Non dubiden que vou chamar a todas as portas, de todas as administracións, e visitalas para traballar en coordinación, sen duplicidades, optimizando recursos e procurando axudas mesmo en Europa para os proxectos que acordemos entre a Deputación e os concellos.

E, por suposto, esixindo que se cumpran os compromisos adquiridos no seu día con esta provincia.

Non deixarei en ningún momento de ser reivindicativo co que defendo de xustiza para Ourense, sexa co Estado, coa Xunta ou con calquera outra administración.

A miña experiencia profesional e de servizo público permíteme ter un coñecemento das administracións públicas, incluída a local, que vou aproveitar para esta nova traxectoria provincial.

Un capital que poño a disposición da veciñanza de Ourense e de todos os alcaldes da provincia; alcaldes que visitarei nos seus concellos para conversar e coñecer de primeira man as súas necesidades. Dende logo terei a inmensa honra de ter o despacho máis grande do mundo: 7.273 quilómetros cadrados.

Hoxe iniciamos unha nova etapa nesta Deputación; con cambios claro está, e con estilo propio tamén, como fixen sempre alí onde estiven e como fixeron os meus antecesores.

Hoxe comezo un novo reto, pero non quero esquecerme doutra importante responsabilidade que asumín como como alcalde do meu concello: Pereiro de Aguiar.

Conlevar ambas responsabilidades será un esforzo a maiores.

Pero quizá non tan difícil porque vou ter a axuda do marabilloso equipo de persoas que me vén acompañando no labor municipal. Grazas tamén a eles pola axuda extra que vou ter.

Tamén aquí, na Deputación, vou contar para este mandato cun grupo de goberno que asumirá eses eixos de actuación que marcarán o noso camiño.

Como sei que tamén vou contar coa colaboración do gran equipo de profesionais desta Deputación. A moitos xa os coñezo e sei do importante traballo que desenvolven.

Remato xa, pero non quixera deixar pasar a oportunidade que teño hoxe para agradecer publicamente o inmenso sacrificio que esta nova etapa profesional e política supón para a persoa que mellor me coñece e máis apoio tenme ofrecido: A miña muller. Como tamén terei, aquí e na distancia, a comprensión e o apoio de Víctor e Ana, os meus fillos.

Grazas a todos, de corazón, pola oportunidade que se me brinda para representar á provincia de Ourense.

Moitas grazas.

Unha vez concluído o seu discurso, e ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. presidente dá por rematada a sesión constitutiva da Deputación, ás 12.45 horas do día dezasete de xullo de dous mil vinte e tres. Dou fe.